

Acordo do 28 de novembro de 2002, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 02/332).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), sobre autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. Lapido-Alexandre Bóveda.

Situación: A Pobra do Caramiñal.

Descricións técnicas: liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV de 60 m de lonxitude en conductor R.H.V. 240 mm² Al, que parte da L.M.T.S. existente entre os CC.TT. Xunqueira e C.T. Lapido e final no C.T. r/ Lapido esquina a r/ Alexandre Bóveda de 250 kVA. Concello da Pobra do Caramiñal.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinalo expediente e presentalas súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Moneiros, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 28 de novembro de 2002.

Jesús Espada Martínez
Delegado provincial da Coruña

Acordo do 2 de decembro de 2002, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 02/356).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), sobre autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.A., L.M.T.S., C.T.C. Rosol.

Situación: Culleredo.

Descricións técnicas: liña eléctrica aéreo-subterránea de media tensión a 15/20 kV, con orixe na liña existente no lugar de Acea da Ma, con tramo aéreo sobre apoios de formigón e con conductor LA-56, de 32 m de lonxitude seguido de tramo subterráneo, baixo tubo, de 10 m de lonxitude con conductor R.H.V. 12/20 KV de 3(1×95)mm² Al e final no C.T. Rosol, que se vai instalar.

Centro de transformación, en caseta prefabricada de formigón, de 250 kVA e tensións de 15/0,380-0,220 kV, denominado Rosol en Acea da Ma. Concello de Culleredo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinalo expediente e presentalas súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Moneiros, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 2 de decembro de 2002.

Jesús Espada Martínez
Delegado provincial da Coruña

Resolución do 20 de novembro de 2002 pola que se aproba a modificación do plan eólico estratéxico presentado pola empresa Endesa, Cogeneración y Renovables S.A. denominado P.E.E. Endesa-Made.

Examinado o expediente instruído por instancia de *Endesa, Cogeneración y Renovables S.A.* con domicilio para efectos de notificacións en r/ Castiñeiro, 12-3º. Santiago de Compostela, sobre aprobación de modificación do P.E.E. Endesa-Made; esta consellería ten en conta os seguintes:

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data do 29 de outubro de 2001, Concepción Cánovas del Castillo, no nome e representación de *Endesa, Cogeneración y Renovables S.A.*, solicitou a aprobación da modificación de potencia do plan eólico estratéxico denominado P.E.E. Endesa-Made, achegando a documentación establecida para o efecto polo Decreto 205/1995, do 6 de xullo, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, todo isto en virtude do disposto na disposición transitoria segunda da Orde do 31 de xaneiro de 2002.